


Síguenos en

 <https://www.facebook.com/bibedu>

 [@biblioeduca](https://twitter.com/biblioeduca)

 <https://es.pinterest.com/cineduca>  
<https://es.pinterest.com/beduacion>



- 1 1 -



Biblioteca  
Facultade de Ciencias da Educación

[www.educacion.udc.es/biblioteca](http://www.educacion.udc.es/biblioteca)  
[bibedu.blogaliza.org](http://bibedu.blogaliza.org)

[educacion.bib@udc.es](mailto:educacion.bib@udc.es)

setembro – decembro  
2016

BIBLIOTECA DA FACULTADE DE  
CIENCIAS DA EDUCACIÓN

[www.educacion.udc.es](http://www.educacion.udc.es)

## SERVIZO DE APOIO AO PDI

Continuamos ofrecendo apoio a investigadoras/es da facultade, para mellorar o impacto nos resultados de investigación e na visibilidade.



Axuda individualizada axeitada a cada necesidade:

- Identificación de autor/a e creación de perfís en Orcid, ResearcherId, Google Scholar e nas redes sociais de investigación.
- Localización de revistas científicas que se adapten ao tema dunha investigación ou artigo e que teñan impacto ou calidade.
- Como publicar no acceso aberto. Como saber se unha revista ou unha editorial é depredadora (timo). Depositar no RUC (Repositorio institucional da UDC).
- Avaliación da produción científica (CNEAI, ACSUG, ANECA). En novembro-décembro sae a convocatoria para Sexenios.
- Utilización de xestores de referencia (Refworks, Endnote, Mendeley, Zotero...)

A Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia vén de publicar unha nova instrución para a filiación de autoras/es, botádelle un ollo.

## Bibliografía recomendada

Hai uns días recibistes un correo no que vos solicitabamos revisión da bibliografía recomendada que tedes colgada nas guías docentes. Cada ano facemos unha revisión exhaustiva durante os meses de verán para actualizar os enlaces ao noso catálogo. Ás veces detectamos, cando vén alumnado pola Biblioteca, que non sempre coincide coa que despois se utiliza na clase, polo que pensamos que pode non estar actualizada. Coa vosa axuda pode quedar todo ao día e o alumnado poderá ter no catálogo os enlaces coa súa localización na Biblioteca.



Agradecemosvos que nos enviesdes cando poidades as correccións.

## ALFIN

A nosa oferta de alfabetización informacional para alumnado consiste en:

- **Visitas guiadas e introdución ao catálogo:** martes de 12-13.30 e xoves de 18-19.30.
- **Formacións integradas na aula,** para alumnado de primeiro, en colaboración con docentes: uso do catálogo, procura bibliográfica, principais fontes de información, utilización de Dialnet. Aberto prazo de solicitude para docentes que queiran para as súas aulas.

- **Cursos para alumnado de TFG e TFM.** A primeira quenda é na primeira quincena de outubro : 3 horas de duración presencial e complementáanse con formación en liña en Moodle.

Contamos con dous cursos completos na plataforma Moodle, e tamén cursos á carta.

## O Acceso aberto

Movemento internacional para promover o acceso libre e sen restricións á literatura científica e académica.

Duas vías paralelas:

- "Vía dourada": publicación en revistas científicas de acceso aberto. Artigos quedan dispoñibles sen restricións desde a súa publicación
- "Vía verde": auto-arquivo por parte dos autores dos seus traballos de investigación en repositorios institucionais de libre acceso.

### Ruta dourada: Revistas

**DOAJ** Portal de revistas OA. Todas as áreas do coñecemento, en todos os idiomas.  
**Open Science Directory** Directorio de revistas en acceso aberto. 13.000 revistas.  
**Redalyc:** Rede de revistas científicas de

América Latina, España y Portugal.

**Latindex:** Acceso aos contidos e textos completos de revistas académicas dispoñibles en hemerotecas dixitais de América Latina, o Caribe, España e Portugal, adheridas ao movemento de acceso aberto.  
**E-revistas:** A Plataforma Open Access de Revistas Científicas Electrónicas Españolas e Latinoamericanas impulsado polo CSIC.

### Ruta verde. Repositorios

**Institucionais:** Cada vez máis universidades teñen repositorio multidisciplinar no que arquivan os documentos produto da investigación do seu PDI, co que aumentan a visibilidade dos mesmos. A UDC conta co **RUC** no que podeades e "debedes" depositar os vosos artigos, teses, documentos de traballo... Outros son **E-Prints**, **UCM**...

**Temáticos:** centrados nunha disciplina determinada. Relacionados coas ciencias sociais: **SSOAR**, **Social Science Open Access Repository** sobre ciencias sociais. **PsyDok**, repositorio alemán sobre psicoloxía, **CogPrints:** repositorio de psicoloxía, neurociencia e lingüística así como algunhas áreas de ciencias da computación, bioloxía e filosofía, **PeDoc:** sobre pedagogía do German Institute for International Pedagogical Research (DIPF)

Hai **buscadores especializados** para o acceso aberto como **Oyster** ou **Recolecta**, tamén o fai Google Scholar.

## Exposicións

**Futillos**, de **Xacobe Meléndrez Fassbender**, é o nome que recibe o fútbolín en Centroamérica. "*É un lugar inventado, miles de veces multicopiado, terreno portátil e global ...dende Xapón a Tierra de*

*Fuego. Espacio creado, ubicuo...*" Con esta exposición rende unha homenaxe ao seu inventor, Alexandre de Fisterra.



Datas: outubro-novembro 2016  
 Lugar: Recuncho de lectura

Presentación do libro *Donato*, de **Héctor Pose**, de novo o unha visión poética do fútbol. Agardamos contar con biógrafo e biografiado. Data a determinar na primeira quincena de novembro.



Exposición de gravado de **Omar Kessel** Artista cubano que leva máis de 15 anos residindo na Coruña.



Copy xk3foto

Datas: decembro 2016 – xaneiro 2017  
 Lugar: Recuncho de lectura

### Peceiras de creatividade

**Manuel María. Exposición bibliográfica no 87 aniversario do seu nacemento (6 outubro).** Setembro -primeira quincena de outubro 2016



**Alexandre de Fisterra. Homenaxe ao inventor do fútbolín.** Mediados de outubro - novembro



Se alguén quixer expoñer no noso recuncho ou coñece artistas interesadxs, que fale con nós.

## NÉBEDA. Clube de lectura e encontros literarios




cc Raul Lieberwirth

Continuamos co clube de lectura, que funciona grazas ao apoio do SNL, e tamén coa colaboración da editorial Galaxia.

Nos case tres anos de andaina do clube tivemos xa 10 encontros literarios. Neste primeiro trimestre convidamos á escritora galega **Teresa Moure**, da que leremos a novela *Ostracia* e o escritor portugués **André Domingues**, co seu libro de relatos *Dramas de compañía*.



Encontro literario con **Teresa Moure**  
 Data: 19 de outubro, ás 17.30 h  
 Lugar: Recuncho de lectura



Encontro literario con **André Domingues**  
 Data: mes de decembro, data a determinar, ás 17.30 h  
 Lugar: Recuncho de lectura

Asistencia libre. A través do noso blogue podeades participar con comentarios. Paralelo ao clube e o encontro está o cineclube, moderado por Juan José Bueno Aguilar. Coordina o clube: Inma Doval  
 nebedaclubelectura.wordpress.com